GOBIERNO CIVIL
DE
ORENSE

JURADO P. DE MONTES EN MANO COMUN

ID 1225
Exp. 04/03a

10 Mayo 73
nº 62

El Jurado Provincial de Montes en Mano Común, en sesión celebrada el día siete del actual, acordó la clasificación del monte "Comunal de San Justo" como vecinal en Mano Común, a tenor de la siguiente Resolución:

" En la ciudad de Orense, a siete de mayo de mil novecientos setenta y tres.

Visto en el día de la fecha el expediente de clasificación del monte "Comunal de San Justo", en el término municipal de Avión, promovido a instancia de la Administración Forestal, y

RESULTANDO , que el monte Comunal de San Justo del Ayuntamiento de Avión fué investigado previamente por la Administración Forestal del Estado en el año 1.969, confeccionándose una ficha que se incorporó posteriormente a este expediente.

RESULTANDO que en fecha 1 de Febrero de 1.971 se acordó la iniciación del expediente por el Jurado Provincial de Montes en Mano Común.

RESULTANDO que expedido mandamiento por el Jurado ordenando la anotación preventiva prevista en el artículo 18 del Reglamento de Montes en Mano Común, al Registro de la Propiedad de Ribadavia, se cumplimentó aquel en fecha 4 de Abril de 1.972, suspendiendo la anotación ordenada por el defecto subsanable de no figurar inscrito el monte a favor de persona alguna.

RESULTANDO que cesado el anterior Vocal Instructor de este expediente, se procedió a nombrar nuevo Vocal Instructor, en reunión del Jurado de 6 de Junio de 1.972, comunicándose el nombramiento el dia 9, nombramiento aceptado el dia 16 del mismo mes.

RESULTANDO que el 26 de Junio de 1.972 se ofició al Ayuntamiento de Avión a fin que alegara cuanto estimase oportuno en este expediente, y reunida la Corporación Municipal el 5 de Septiembre en sesión extraordinaria, se acordó por unanimidad testimoniar que para la Corporación el aprovechamiento de los montes Serra, Fontao y Carboeiro, ha sido el de comunales, aprovechados por los vecinos de las parroquias respectivas.

RESULTANDO que comunicado el expediente el 6 de Octubre al Señor Ingeniero Jefe del Instituto de Conservación de la Naturaleza, ya que existen sobre el monte objeto de la clasificación, diversos consorcios de repoblación forestal, contestó dicho Instituto el dia 17 del propio mes sobre los consorcios existentes.

Mod. A - 4 = 2 m
3-1-72
1.000 ejemplares

RESULTANDO, que el 23 de Noviembre, previamente convocados al efecto se reunieron en el Ayuntamiento de Avión, representantes de los pueblos que componen la parroquia de San Justo, es decir, Beresmo, Cernadas, San Vicente, Iglesario, Alén y Condonos, representantes elegidos en cada pueblo, declararon el carácter comunal del aprovechamiento del monte que es objeto de este expediento, sin que exista división alguna en el aprovechamiento, ni siquiera en forma ideal, y en cuanto a las pruebas de titularidad de la propiedad del monte declararon la inexistencia de las mismas, aunque el mismo viene poseyéndose por los vecinos de forma pacifica desde tiempo inmemorial.

RESULTANDO que respecto a la imprecisión reflejada en la ficha de investigación previa a este expediente, sobre la concreción física del monte en cuanto a sus linderos Sur y Oeste, y consiguientemente sobre la extensión superficial del mismo, manifestaron los representanres que se ratificaban en lo expuesto por los vecinos en dicha ficha previa, con lo que la extensión del monte es de 1447 hectáreas; y con relación a posibles aprovechamientos por otras comunidades limítrofes, declararon que aunque a veces se ha realizado alguno, ha sido siempre perseguido o visto cuando menos con desagrado.

RESULTANDO que en escritura autorizada por el Notario de Ribadavia el dia 5 de Diciembre de 1.972, el Ayuntamiento de Avión representado por su Alcalde-Presidente y Secretario, en nombre de los vecinos de la parroquia de San Justo, procedió a finalizar un expediente de expropiación forzosa que afecta a parte del monte objeto de este expediente, iniciado a favor de FENOSA, el 14 de Marzo de 1.970, siendo la superficie expropiada de 156 hectáreas 92 áreas y 47 centiáreas y el precio de dicha expropiación, comprendidos el valor del suelo y del vuelo fué de 26.018.470 pesetas.

CONSIDERANDO que para la clasificación de un monte, "Monte vecinal en mano común" regido por la Ley de 27 de Julio de 1968, es preciso que concurran además de la identificación típica del monte, los siguientes requisitos según el artículo 1º de dicha Ley: a) que el monte pertenezca a vecinos agrupados en parroquias, aldeas, lugares, caserios, barrios y otros similares no constituidos en entidades municipales; y b) que los montes vengan aprovechándose consuetudinariamente en régimen de comunidad por los integrantes de dichas agrupaciones, en su calidad de miembros de las mismas, titularidad y aprovechamiento que realizará según el artículo 2º de la Ley, sin asignación de cuotas específicas.

CONSIDERANDO, que en cuanto a la identificación del monte objeto de este expediente, no aparece duda alguna sobre la misma, formando el monte un término redondo en torno a los pueblos de la parroquia de San Justo de Avión y sus fincas cerradas de propiedad particular, siendo sus linderos: al Norte, montes de la parroquia de Córcores y Amiudal; al Sur, terrenos particulares y monte comunal de la parroquia de Barroso; Este, rio Cardello (termino de Boborá) terminos municipal de Leiro y término municipal de Carballeda de Avia y terrenos expropiados por FENOSA; y al Oeste, monte comunal de las parroquias de Nieva y Abelenda.

CONSIDERANDO, que la superficie de este monte no aparece plenamente determinada en este expediente, pues mientras según información de los vecinos de la parroquia de San Justo sería de 1447 hectáreas, que con la reducción que supone el terreno expropiado por FENOSA, sería de 1.290 hectáreas, 7 áreas y 53 centiáreas, según los vecinos de la parroquia de Abelenda y Barroso, y como consecuencia de la variación de los linderos Sur y Oeste, sería de 1367 hectáreas, que con la reducción antes dicha quedaría en 1.210 hectáreas 7 áreas y 53 centiáreas, cuestión esta que implica la necesidad de llevar a cabo en su día el deslinde previsto y regulado en los artículos 32 y siguientes del Reglamento para la ejecución de la Ley de Montes Vecinales en Mano Común.

CONSIDERANDO, que en cuanto a la pertenencia del monte no existen medios de prueba sobre la adquisición del mismo por los vecinos de la parroquia de San Justo, aunque no obstante dichos vecinos han venido poseyendo el monte de una manera pacífica desde tiempo inmemorial, sin que haya existido o exista oposición a dicha titularidad por parte del Ayuntamiento de Avión u otras personas físicas o jurídicas, salvo en cuanto a algún terreno por sus límites Sur y Oeste tal y como se especifica en el anterior considerando.

CONSIDERANDO, que en cuanto al requisito de aprovechamiento por los vecinos de la parroquia en cuanto tales, en régimen de comunidad germánica, de las actuaciones realizadas en este expediente, aparece en forma clara que dicho aprovechamiento se ha realizado siempre en esa forma, disfrutando todos los vecinos de la parroquia que comprende los pueblos de Barroso, Cernadas, San Vicente, Iglesario, Alén y Condón, de todo el monte, existiendo una conciencia popular en tal sentido, aunque de hecho el aprovechamiento por cada pueblo se realiza sobre la parte del monte mas próxima al mismo, pero ello solo por razones de comodidad.

CONSIDERANDO que no se procedió en este monte a ninguna clase de división nunca, y que los vecinos no consideran suya ninguna parte o cuota ni siquiera ideal en dicho monte de una forma particular.

CONSIDERANDO, que existiendo sobre parte del monte diversos consorcios con el Patrimonio Foresta del Estado, en las partes denominadas Carballeira, Serra y Fondado, debe en su día realizarse la correspondiente subrogación.

CONSIDERANDO, que en cuanto al precio de la expropiación realizada por FENOSA sobre parte de este monte y en cuanto a la cantidad que pertenece a la comunidad de la parroquia de San Justo, y en virtud del principio de subrogación real debe repartirse entre los vecinos, el Ayuntamiento y las obras a realizar en la forma que determina la Ley y que se recogerá en las correspondientes ordenanzas.

Este Jurado Provincial de Montes en Mano Común, en sesión celebrada el día de la fecha, y a la vista de los antecedentes y consideraciones reseñados, ha acordado:

1º.- que el monte comunal de San Justo del término municipal de Avión que limita al Norte con montes de las parroquias de Cogcores y Amiudal; Sur, terrenos particulares y monte comunal de la parroquia de Barroso, Este, río Cardelle (término de Boborás) términos municipales de Leiro y Carballeda de Avia y montes expropiados por FENOSA y Oeste, monte comunal de las parroquias de Nieva y Abelenda, con una superficie de 1.290 hectáreas 7 áreas y 53 centiáreas, se clasifique como "Monte Vecinal en Mano Común", sujeto a la Ley de 27 de Julio de 1.968, que regula dichos montes como pertenecientes a la "Comunidad de la Parroquia de San Justo" del municipio de Avión, excluyéndose dicho monte del Inventario de Bienes Municipales, é inscribiéndose a nombre de dicha comunidad en el Registro de la Propiedad de Ribadavia.

2º.- que una vez clasificado el monte se proceda a su deslinde con arreglo a lo previsto en el Artículo 32 de la citada Ley.

3º.- que se proceda a la subrogación por parte del Instituto de Conservación de la Naturaleza de los actuales consorcios de repoblación existentes en dicho monte, con la comunidad de la parroquia de San Justo.

que el precio de la expropiación realizada por FENOSA, sobre parte de este monte y dado su carácter comunal, ya que era una porción del monte cuya clasificación se propone, se aplique en la forma determinada por la Ley, y que deberá recogerse en las correspondientes ordenanzas, en virtud de la subrogación real operada respecto de los terrenos expropiados.

Lo que participo a esa Comunidad de Vecinos para su conocimiento y efectos procedentes, advirtiéndole que contra la precedente resolución puede ser interpuesto recurso Contencioso-Administrativo, en el plazo de dos meses ante la Sala correspondiente de la Audiencia Territorial, previo el de Reposición ante este Jurado en el plazo de un mes.

Dios guarde a V. muchos años.
Orense, 10 de Mayo de 1973
EL GOBERNADOR CIVIL-PRESIDENTE,

Recibí el original
a 15 Mayo de 1973
EL INTERESADO

Sr. Representante de la Comunidad de Vecinos de SAN JUSTO.-Avión



OR 5 3 1
Ponte Cardello
Bobo
Cruceiro da Torre
Pascais
Bodegas de Mourete
Fontao
Bodegas
Fraguiña
Chairiña
Embalse
Avia
3-1
2-1
1-1
Castro 616 m.
San Vicente
A Revoltiña
Pichapan
Beresmo
Portocarro
AVION
Iglesario
Casal
Cendones
Alén
Laxa da Campiña
Souteló
Outeiro dos Potes
Montenrrío
O Cabo
Cerradas
Arratea
Castro
Ponte Cantán
Barral
Barraso
Pozo da Risa
Aldea
Pontillós
Valeixe
Beleaon
Coriza
La Purreira
Campo Longo
Outeiro Formoso
Calahi
Moas
Ponte vella de Portochao
Pico da Cabra
Castro
Pedras
Gandareja
Amiudal
Barro
Surribas
Revolta
Regata Lavado
O Porto
Valdopereira
Sobreira da Horta
Término de Leiro
Carretera local de Beariz a Ribadavia
Ponte da Serra
Cruceiro da Serra
Pico da Cruz
Escampado dos Arrieiros
Pte de Valdorias
5.1-1
5.2-1
Lapa de Fernan Perez
Embalse
N

na súa reunión do día 23 de outubro de 1995, na súa virtude,

*DISPOÑO:*

Clasificar como mixta a *Fundación para a investigación, conservación y desarrollo del mundo submarino* (FICDS), adscribíndoa á Consellería da Presidencia e Administración Pública que exercerá plenamente o protectorado sobre ela.

Santiago de Compostela, 2 de novembro de 1995.

Dositeo Rodríguez Rodríguez
Conselleiro da Presidencia e Administración Pública

## CONSELLERÍA DE AGRICULTURA, GANDERÍA E MONTES

*Orde do 31 de outubro de 1995 pola que se aproba o deslinde do monte comunal de Avión pertencente á parroquia de Avión no concello de Avión (Ourense).*

Examinado o expediente de deslinde do monte comunal de Avión pertencente á parroquia de Avión do concello de Avión (Ourense) e tendo en conta os seguintes antecedentes de feito:

1. O Xurado Provincial de Montes en Man Común de Ourense, en Resolución do 7 de maio de 1973, declarou como tal o monte comunal de Avión, asignándolle a súa pertenza á parroquia de Avión, e recoñecendo como límites ó norte os montes das parroquias de Córcores e Amiudal; sur, terreos particulares e comunal da parroquia de Barroso; leste río Cardelle, concellos de Leiro e Carballeda de Avia, e montes expropiados por Fenosa, e oeste comunais das parroquias de Nieva e Abelenda.

2. Ó ter uns límites tan extensos os conflictos coas comunidades veciñais son frecuentes, sen que ata o de agora se puidese acadar un acordo amigable, polo que o 21 de febreiro de 1991 a comunidade propietaria solicitou a apertura do expediente de deslinde do mesmo, e con data 1 de agosto do mesmo ano o director xeral de Montes e Medio Ambiente Natural aproba o expediente e declara o monte en estado de deslinde.

3. A tramitación previa ó apeo foi executada cumprindo as prescricións establecidas nos artigos 96 e seguintes do Regulamento de montes do 22 de febreiro de 1962. A documentación que os distintos afectados presentaron foi remitida ó Gabinete Xurídico Territorial de Ourense para o seu exame, cualificación e informe, podendo salienta-la sentencia firme do Xulgado de Primeira Instancia número dous de Ourense, do 4 de xullo de 1968, que declara como veciñal en man común a propiedade dos montes Fontao e Coto de Uxo.

4. O apeo iniciouse de acordo coa data e o lugar anunciados previamente e alongouse durante sesenta e seis días, dado os límites tan extensos do monte, levándose a cabo coa asistencia dos representantes da administración forestal e das comunidades e particulares interesados, sen que se rexistrasen incidentes.

5. En data 20 de decembro 1993, o enxeñeiro operador elabora o seu informe–proposta no que propón que o monte quede dividido nas parcelas seguintes:

1ª Fontao; 2ª Carboeira, 3ª Serra, 4ª Costa das Moas–O Cabo; 5ª Campo Longo; 6ª Soterra–Monterroso; 7ª Carupe; 8ª Balboa; 9ª Albelos–Outeiro da Pena–Castro; 10ª Barxa de Pereira; 11ª Nobascos; 12ª Porto Carro; 13ª As Piteiras e Carpaceiras e 14ª San Vicente, e que se recoñeza a propiedade exclusiva dos veciños da parroquia de Avión de tódalas parcelas menos a primeira, Fontao que propón, se recoñeza como dos veciños de Avión, de Amiudal e demais partícipes.

6. No período legal de reclamacións presentáronse dúas, unha do letrado representante da parroquia de Avión na que alega non ter recibido a comunicación da apertura do período de vista polo que non puido exerce–lo dereito de reclamación, o que non era de todo certo pois a comunicación foille remitida ó presidente da comunidade.

A outra foi do presidente da comunidade de Amiudal e baseábase en tres feitos:

a) Unha defectuosa valoración e cualificación xurídica dos títulos.

b) Incumprimento do mandato efectuado polo Xurado Provincial de Montes para que se efectúe o deslinde de acordo coa sentencia xudicial.

c) Non seguirse no deslinde da parcela Fontao o plano que serviu de base para os pronunciamentos xudiciais.

Pedía a nulidade do deslinde no que se refire á parcela Fontao e na adxudicación da pertenza que propón o enxeñeiro operador.

7. En data 13 de xuño de 1994, o Gabinete Xurídico Territorial de Ourense emite informe sobre a reclamación do presidente da comunidade de Amiudal e nel mantense que o monte Fontao que aparece na sentencia xudicial de 1968 non forma parte do Comunal de San Xusto e que o enxeñeiro operador non ten capacidade para incluílo neste deslinde nin para atribuírlle a pertenza ós veciños de Avión, Amiudal e outros partícipes; nembargante a inclusión non supón a nulidade do expediente de deslinde.

8. En data 28 de xullo de 1994 o xefe do Servicio de Montes e Industrias Forestais de Ourense elabora o seu informe–proposta no que mantén a tese de que a parcela Fontao forma parte do expediente de deslinde aínda que non se pronuncia pola asignación da pertenza, que deixa para os asesores xurídicos da Dirección Xeral de Montes e Medio Ambiente Natural. No referente ó resto das parcelas propón que se aprobe o deslinde e se asigne a súa pertenza ós veciños da parroquia de Avión.

9. En data 24 de marzo de 1995 elévase o expediente ó Gabinete de Asuntos Constitucionais e Defensa Xurídica Xeral para o seu informe en cumprimento do

establecido no artigo 125 do Regulamento de montes, contestando que dá por reproducido o informe do Gabinete Xurídico Territorial de Ourense do 13 de xuño de 1994.

Fundamentos de dereito

I

O Servicio de Montes e Industrias Forestais de Ourense é competente para verifica-lo devandito deslinde, cumpridas tódalas prescricións legais en canto a publicidade, notificacións e demais requisitos esixidos pola lexislación vixente, e esta Consellería de Agricultura, Gandería e Montes é competente para dicta-la presente orde de conformidade co establecido no artigo 14 da Lei de montes do 8 de xuño de 1957, en relación co Real decreto 1535/1984, do 20 de xuño, sobre traspaso de funcións e servicios do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de conservación da natureza.

II

As comunidades e os particulares aportaron a documentación que consideraron oportuna en defensa dos seus dereitos, sobre a emitiu o informe preceptivo o Gabinete Xurídico Territorial de Ourense.

III

As resolucións do xurado provincial de Montes son as únicas que outorgan a propiedade e as mesmas só poden modificarse por sentencias dos tribunais ordinarios.

No caso que nos ocupa, cando o xurado provincial declarou como veciñal en man común o monte Comunal de Avión xa era firme a sentencia dictada polo Xulgado de Primeira Instancia número dous de Ourense do 4 de xullo de 1968, e nela establécese que os montes que se describen no feito terceiro da demanda son propiedade en man común dos veciños da parroquia de Amiudal e dos outros partícipes en favor dos cales se acciona. E no feito terceiro, no apartado quinto descríbese o monte Fontao cos seus límites e unha superficie de 512 hectáreas, e aínda que a resolución do xurado provincial non fai referencia a ela, o que si fai na declaración dos montes veciñais da parroquia de Amiudal, non ten valor no que contradiga a sentencia e polo tanto o enxeñeiro operador non pode ignorala ó face-lo apeo nin na súa proposta, e menos contradicila.

Vistos:

A Lei de montes do 8 de xuño de 1957 e o regulamento para a súa aplicación, do 22 de febreiro de 1962.

A lexislación vixente en materia de montes veciñais en man común.

O Real decreto 1535/1984, do 20 de xuño, de traspaso de funcións e servicios do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de conservación da natureza.

A Lei de procedemento administrativo do 17 de xullo de 1958.

A Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Esta Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, por proposta da Dirección Xeral de Montes e Medio Ambiente Natural,

*DISPÓN:*

Primeiro.–Aproba-lo deslinde do monte comunal de Avión pertencente á parroquia de Avión, de acordo coas actas, rexistros topográficos e plano que figuran no expediente, e que queda formado polas trece parcelas seguintes:

–Parcela nº 2 do plano.

Nome: Carboeira.

Límites:

N–Encoro de Albarellos e concello de Boborás.

L–Concello de Boborás.

S–Encoro de Albarellos.

O–Encoro de Albarellos.

Cabida total: 167,50 hectáreas.

Enclavados: non.

Está limitada polos piquetes do nº 434 ó 549.

–Parcela nº 3 do plano.

Nome: Serra.

Límites:

N–Encoro de Albarellos.

L–Concello de Leiro.

S–Estrada de Beariz a Beade, regato Fontao, Rego do Cabo e Pico da Cruz.

O–Encoro de Albarellos e predios particulares.

Cabida total: 175,40 hectáreas.

Enclavados: non.

Está limitada polos piquetes do nº 391 ó 433 e do 550 ó 596.

–Parcela nº 4 do plano.

Nome: Costa das Moas–O Cabo.

Límites:

N–Predios particulares.

L–Predios particulares.

S–Río Cubeta e predios particulares.

O–Predios particulares e Comunal de Nieva.

Cabida total: 89 hectáreas.

Enclavados: 0,85 hectáreas.

Cabida comunal: 88,15 hectáreas.

Está limitada polos piquetes do nº 273 ó 381 e do 598 ó 818.

–Parcela nº 5 do plano.

Nome: Campolongo.

Límites:

N–Predios particulares.

L–Predios particulares.

S–Predios particulares e comunal de Nieva.

O–Predios particulares.

Cabida total: 11,45 hectáreas.

Enclavados: non.

Está limitada polos piquetes do nº 269 ó 270 e do 819 ó 877.

–Parcela nº 6 do plano.

Nome: Soterra–Monterroso.

Límites:

N–Predios particulares.

L–Predios particulares.

S–Predios particulares.

O–Predios particulares e comunal de Abelenda.

Cabida total: 82,90 hectáreas.

Enclavados: 0,25 hectáreas.

Cabida comunal: 82,65 hectáreas.

Está limitada polos piquetes nº 262 ó 265 e do 878 ó 1094.

–Parcela nº 7 do plano.

Nome: Carupe.

Límites:

N–Predios particulares.

L–Predios particulares.

S–Predios particulares.

O–Comunal de Abelenda.

Cabida total: 5,20 hectáreas.

Enclavados: non.

Está limitada polos piquetes nº 257 ó 261 e do 1095 ó 1119.

–Parcela nº 8 do plano.

Nome: Balboa.

Límites:

N–Comunal de Amiudal.

L–Predios particulares.

S–Predios particulares.

O–Predios particulares.

Cabida total: 40,40 hectáreas.

Enclavados: non.

Está limitada polos piquetes nº 251 ó 256 e do 1120 ó 1172.

–Parcela nº 9 do plano.

Nome: Albelos–Outeiro da Pena–Castro.

Límites:

N–Río Avia e Comunal de Amiudal.

L–Predios particulares e encoro de Albarellos.

S–Predios particulares.

O–Predios particulares.

Cabida total: 234,80 hectáreas.

Enclavados: 5,30 hectáreas.

Cabida comunal: 229,50 hectáreas.

Está limitada polos piquetes nº 223 ó 249 e do 1173 ó 1319.

–Parcela nº 10 do plano.

Nome: Barxa de Pereira.

Límites:

N–Encoro de Albarellos.

L–Encoro de Albarellos.

S–Predios particulares.

O–Predios particulares.

Cabida total: 5,60 hectáreas.

Enclavados: non.

Está limitada polos piquetes nº 1320 ó 1341.

–Parcela nº 11 do plano.

Nome: Nobascos.

Límites:

N–Encoro de Albarellos.

L–Encoro de Albarellos.

S–Encoro de Albarellos e predios particulares.

O–Predios particulares.

Cabida total: 77,65 hectáreas.

Enclavados: non.

Está limitada polos piquetes nº 1342 ó 1440.

–Parcela nº 12 do plano.

Nome: Porto Carro.

Límites:

N–Predios particulares.

L–Encoro de Albarellos.

S–Río Valderías.

O–Predios particulares.

Cabida total: 6,90 hectáreas.

Enclavados: non.

Está limitada polos piquetes nº 1441 ó 1459.

–Parcela nº 13 do plano.

Nome: As Piteiras e Carpaceiras.

Límites:

N–Predios particulares.

L–Estrada de Beade a Beariz.

S–Predios particulares.

O–Predios particulares.

Cabida total: 4 hectáreas.

Enclavados: non.

Está limitada polos piquetes nº 1460 ó 1479.

–Parcela nº 14 do plano.

Nome: San Vicente.

Límites:

N–Predios particulares.

L–Estrada de San Xusto a San Vicente.

S–Predios particulares.

O–Predios particulares.

Cabida total: 2,80 hectáreas.

Enclavados: non.

Está limitada polos piquetes nº 1480 ó 1497.

Segundo.–Declarar, expresamente, que no referente ás reclamacións de propiedade a presente resolución esgota a vía administrativa e que queda expedita a xudicial civil.

Terceiro.–Esta orde entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia* e en contra dela só cabe interpoñe–lo recurso contencioso–administrativo perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses contados desde o día da súa entrada en vigor.

Santiago de Compostela, 31 de outubro de 1995.

P.D. (Orde 13–12–1993)
Antonio Luis Rosón Pérez
Secretario xeral da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes

## CONSELLERÍA DE PESCA, MARISQUEO E ACUICULTURA

*Orde do 2 de novembro de 1995 pola que se regula a concesión de axudas para a paralización temporal de buques pesqueiros con porto base na Comunidade Autónoma de Galicia.*

O novo Regulamento (CE) 3699/1993, do 21 de decembro, do Consello, establece subvencións unicamente para a paralización temporal da actividade dos buques pesqueiros cando concorran acontecementos imprevisibles e non reiterados provocados fundamentalmente por causas biolóxicas.

En anos anteriores realizáronse en Galicia paralizacións temporais para consegui–la repoboación de certos caladoiros, e parece oportuno continua–la mesma liña de protección destes recursos.

Por isto, é preciso desenvolve–los mecanismos de tramitación, resolución e pagamento destas axudas, ó tempo que se establecen as condicións que deben reuni–los buques pesqueiros que se pretendan acoller a estas axudas.

Por todo o anteriormente exposto, en virtude das facultades que teño conferidas,

*DISPOÑO:*

Artigo 1º.–Acción e obxecto da axuda.

1. É obxecto da presente orde a regulación de axudas para palia–las pérdidas de ingresos ocasionados pola paralización temporal da actividade pesqueira por mor de acadar unha repoboación dos caladoiros, mellorando os stocks das pesqueiras seguindo as indicacións dos informes científicos elaborados para os efectos.

2. Os buques afectados deberán estar incluídos nun plan de paralización temporal realizado por unha organización pesqueira e aprobado pola Dirección Xeral de Pesca e Industrias Pesqueiras, que concretará as zonas, flotas e períodos de paralización.

3. As axudas establecidas na presente orde aboaranse con cargo á aplicación orzamentaria 12.03.614B.770.00 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para 1995 e en exercicios posteriores, ás partidas previstas para os mesmos fins na Lei de orzamentos da Comunidade Autónoma de cada ano, así como as transferencias que, se é o caso, nos correspondentes exercicios e na forma e para os obxectivos previstos no artigo 95 do Real decreto 798/1995, realice o Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación con cargo ós créditos consignados nos orzamentos xerais do Estado.

Artigo 2º.–Beneficiarios.

1. Poderán ser destinatarios destas axudas os propietarios de buques que realicen as paradas temporais de acordo co estipulado no artigo anterior, con porto base nesta Comunidade Autónoma e inscritos no Rexistro de buques de Galicia, que cumpran, ademais das condicións xerais do Real decreto 798/1995, as contidas na presente orde.

2. En todo caso, deberá tratarse de buques que, en ningún caso, poidan alterna–la actividade pesqueira obxecto da paralización temporal.

3. Soamente poderán solicitar e percibi–las primas por paralización temporal os titulares da propiedade da embarcación que no dito concepto figuren inscritos no rexistro mercantil.

4. A Dirección Xeral de Pesca e Industrias Pesqueiras, poderá establecer co inicio de cada exercicio, as modalidades de pesca, zonas ou portos pesqueiros e períodos de paralización que se consideren prioritarios para a realización da inactividade programada.

Artigo 3º.–Contía da axuda.

As axudas que se establecen, terán os límites establecidos no Regulamento (CE) 3699/1993 e o Real

O delegado provincial, de conformidade co Decreto 1634/1980, artigo 14, e co 2617/1966, artigo 11, así como coas demais disposicións vixentes, resolveu,

Autorizar a *Unión Eléctrica-Fenosa, S.A.* a instalación de unha L.M.T. e un C.T. na r/Progreso, concellos de Mos e do Porriño.

Esta autorización non supón a aprobación do proxecto.

Pontevedra, 6 de novembro de 1995.

Ramón Álvarez Abad
Delegado provincial de Pontevedra

*Resolución do 6 de novembro de 1995, da Delegación Provincial de Pontevedra, pola que se autoriza o establecemento da instalación eléctrica que se cita. (Expediente número 247/1995 A.T.).*

Visto o expediente incoado nesta delegación provincial por instancia de *Unión Eléctrica-Fenosa, S.A.*, con domicilio en Vigo no que solicita autorización para instalar unha L.M.T. e un C.T. en circunvalación a Gondomar, concello de Gondomar, e cumpridos os trámites de información pública que determina o artigo 9 do Decreto 2617/1966, do 20 de outubro, sen que se presentase oposición nin obxección ningunha á citada solicitude.

O delegado provincial, de conformidade co Decreto 1634/1980, artigo 14, e co 2617/1966, artigo 11, así como coas demais disposicións vixentes, resolveu,

Autorizar a *Unión Eléctrica-Fenosa, S.A.* a instalación dunha L.M.T. e un C.T. en circunvalación a Gondomar, concello de Gondomar.

Esta autorización non supón a aprobación do proxecto.

Pontevedra, 6 de novembro de 1995.

Ramón Álvarez Abad
Delegado provincial de Pontevedra

## CONSELLERÍA DE AGRICULTURA, GANDERÍA E MONTES

*Corrección de erros.–Orde do 31 de outubro de 1995 pola que se aproba o deslinde do monte comunal de Avión pertencente á parroquia de Avión no concello de Avión (Ourense).*

Advertido erro na devandita orde, publicada no DOG nº 218, do 14 de novembro de 1995, cómpre face-las seguintes correccións:

Na páxina 8.329, columna da esquerda, no encabezamento onde di: «Orde do 31 de outubro de 1995 pola que se aproba o deslinde do monte comunal de Avión...», debe dicir: «Orde do 31 de outubro de 1995 pola que se aproba o deslinde do monte comunal de San Xusto...».

Na mesma páxina e columna, liñas 19 e 24, onde di: «comunal de Avión», debe dicir: «comunal de San Xusto».

Na páxina 8.330, columna da esquerda, liñas 30 e 31, onde di: «comunal de Avión», debe dicir: «comunal de San Xusto».

Na mesma páxina, columna da dereita, liñas 8 e 9, onde di: «comunal de Avión», debe dicir: «comunal de San Xusto».

## CONSELLERÍA DE XUSTIZA, INTERIOR E RELACIÓNS LABORAIS

*Resolución do 4 de outubro de 1995, da Delegación Provincial da Coruña, pola que se dispón a inscrición no rexistro e a publicación no* Diario Oficial de Galicia *do convenio colectivo do sector de panaderías.*

Visto o expediente do convenio colectivo panderías, que tivo entrada nesta delegación provincial o día 28-9-1995 subscrito en representación da parte económica pola Asociación Provincial de Empresarios Fabricantes de Pan e, da parte social por CC.OO., UGT e CIG o día 18-9-1995, e de conformidade co disposto no Art. 90.2º e 3º, da Lei 8/1980, do 10 de marzo, do Estatuto dos traballadores, Real decreto 1040/1981, do 22 de maio, sobre rexistro e depósito de convenios colectivos de traballo e Real decreto 2412/1982, do 24 de xullo, sobre traspaso de funcións e servicios da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia, en materia de traballo, esta delegación provincial,

*ACORDA:*

Primeiro.–Ordena-la súa inscripción no libro rexistro de convenios de traballo, que consta nesta delegación provincial, e notificación ás representacións económica e social da comisión negociadora.

Segundo.–Ordena-lo seu depósito no Servicio de Relacións Laborais, Sección de Mediación, Arbitraxe e Conciliación (SMAC).

Terceiro.–Dispoñe-la súa publicación no *Diario Oficial de Galicia.*

A Coruña, 4 de outubro de 1995.

Fernando Rodríguez Corcoba
Delegado provincial da Coruña

Convenio de panaderías

Capítulo I

Artigo 1º.–Ámbito territorial.

O presente convenio afectará a tódalas empresas de panadería e os seus traballadores, abranguidas dentro da provincia da Coruña.

Artigo 2º.–Ámbito temporal.

O presente convenio terá unha duración dun ano; entrará en vigor o día 1 de xaneiro de 1995 e finalizará o 31 de decembro de 1995.

XUNTA DE GALICIA — CONSELLERIA DE AGRICULTURA · DELEGACION PROVINCIAL DE ORENSE · SERVICIO DE MONTES E INDUSTRIAS FORESTALES

# Deslinde del monte
# COMUNAL DE SAN JUSTO

Término Municipal de AVION

ORENSE

El Ingeniero Operador: D.ENRIQUE MARTINEZ CHAMORRO

AÑO 1992-93




| Nº PARCELA | SUPERFICIE TOTAL | ENCLAVADOS | SUPERFICIE COMUNAL |
|---|---|---|---|
| 1 | 498,10 | — | 498,10 |
| 2 | 167,50 | — | 167,50 |
| 3 | 175,40 | — | 175,40 |
| 4 | 89,00 | 0,85 | 88,15 |
| 5 | 11,45 | — | 11,45 |
| 6 | 82,90 | 0,25 | 82,65 |
| 7 | 5,20 | — | 5,20 |
| 8 | 40,40 | | 40,40 |
| 9 | 234,80 | 5,30 | 229,50 |
| 10 | 5,60 | — | 5,60 |
| 11 | 77,65 | — | 77,65 |
| 12 | 6,90 | — | 6,90 |
| 13 | 4,00 | — | 4,00 |
| 14 | 2,80 | — | 2,80 |
| TOTALES | 1.401,70 | 6,40 | 1.395,30 |

SUPERFICIE ENCLAVADOS

- A = 0,50 Has.
- B = 4,80 "
- C = 0,55 "
- D = 0,15 "
- E = 0,15 "
- F = 0,25 "
- TOTAL = 6,40 Has.

| Nº PARCELA | DENOMINACION DE LAS PARCELAS Y ENCLAVADOS |
|---|---|
| 1 | FONTAO |
| 2 | CARBOEIRA |
| 3 | SERRA |
| 4 | COSTA DAS MOAS - O CABO |
| 5 | CAMPO LONGO |
| 6 | SOTERRA - MONTERROSO |
| 7 | CARUPE |
| 8 | BALBOA |
| 9 | ALBELOS-OUTEIRO DA PENA-CASTRO |
| 10 | BARXA DE PEREIRA |
| 11 | NOBASCOS |
| 12 | PORTO CARRO |
| 13 | AS PITEIRAS Y CAMPACEIRAS |
| 14 | SAN VICENTE |
| A | REGA DO CANO |
| B | BALBOA |
| C | A SILVEIRA |
| D | COBAS DO OURO |
| E | COBAS DO OURO |
| F | COTO MEROUCES |

ORENSE, 20 de DICIEMBRE de 1993

El Ingeniero Operador

**Iván Rodríguez Jiménez,** secretario do Xurado Provincial de clasificación de montes veciñais en man común de Ourense

**CERTIFICO:**

Que na sesión do **23 de xuño de 2021** o Xurado adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

**XIV**.- Solicitude de deslinde entre o MVMC "Abelenda", pertencente á CMVMC de Abelenda, o MVMC "Comunal de Nieva", pertencente á CMVMC da parroquia de Nieva (Santa María), e o MVMC "Comunal de San Xusto", pertencente á CMVMC da parroquia de Avión (Santos Xusto e Pastor), no Concello de Avión.

O Servizo de Montes, en data 3 de xuño de 2021, emitiu informe favorable sobre a referida solicitude,

De acordo co exposto, o Xurado Provincial admitiu a solicitude de deslinde.

Vº. e prace
O Presidente do Xurado

Luis Jorge Álvarez Ferro

**Asinado por:** ALVAREZ FERRO, LUIS JORGE
**Cargo:** Xefe territorial
**Data e hora:** 02/11/2021 09:02:19

**Asinado por:** RODRÍGUEZ JIMÉNEZ, IVÁN
**Cargo:** Xefe de Sección do Servizo Xurídico-Administrativo
**Data e hora:** 28/10/2021 14:07:04

**CVE:** pDEzss9dN2
**Verificación:** https://sede.xunta.gal/cve

# DESLINDE CMMVVMC DE NIEVA E CMMVVMC DE ABELENDA
# CONCELLO DE AVIÓN - OURENSE




Sistema de coordenadas UTM
Datum ETRS89 - Fuso 29

plano 3/4

N
W E
S

**LENDA**

- Marcos deslinde
- Liña deslinde
- Marcos de anterior sentenza
- Liña anterior sentenza

**PLANO Nº 4: PLANO DE DELIMITACIÓN DESLINDE TOPOGRÁFICO.**
**E:1/10.000**
**Data: 18 de xuño de 2020**
**Autor: O Enxeñeiro Técnico Forestal**

Firmado digitalmente por RODRIGUEZ RODRIGUEZ OSCAR - 34979827R
Nombre de reconocimiento (DN): c=ES, serialNumber=IDCES-34979827R, givenName=OSCAR, sn=RODRIGUEZ RODRIGUEZ, cn=RODRIGUEZ RODRIGUEZ OSCAR - 34979827R

**Óscar Rodríguez Rodríguez**

XULGADO DE PAZ - AVIÓN (Ourense)

XUNTA DE GALICIA | CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

**Iván Rodríguez Jiménez,** secretario do Xurado Provincial de clasificación de montes veciñais en man común de Ourense

**CERTIFICO:**

Que na sesión do **9 de setembro de 2024** o Xurado adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

**XVII**.- Solicitude de deslinde entre o MVMC "Amiudal", pertencente á CMMVVMC de Amiudal, e mailo MVMC "Comunal de San Xusto", pertencente á CMMVVMC da parroquia de Avión, no concello de Avión.

O informe do servizo de montes do Departamento Territorial de Ourense de data 14 de febreiro de 2024 fai constar que a documentación achegada corresponde ao deslindamento do perímetro estremeiro entre o MVMC Amiudal pertencente á CMMVVMC de Amiudal, e mailo MVMC Comunal de San Xusto pertencente á CMMVVMC da Pquia. de Avión, dende o vértice 1 (o situado máis ao NE) ata a o vértice 210 (o situado máis ao SO).

O citado informe considera que a solicitude se axusta ao establecido no artigo 53 da Lei 7/2012, de 28 de xuño, de montes de Galicia, polo que propón ao Xurado Provincial a súa aprobación coas consideracións indicadas.

O Xurado Provincial, tendo en conta o informe favorable do servizo de montes, aprobou a solicitude de deslinde.

Vº. e prace

O Presidente do Xurado

José Antonio Armada Pérez

**Asinado por:** ARMADA PÉREZ, JOSÉ ANTONIO
**Cargo:** O Presidente do Xurado
**Data e hora:** 29/01/2025 10:34:18

**Asinado por:** RODRIGUEZ JIMENEZ, IVAN
**Cargo:** Xefe de Sección do Servizo Xurídico-Administrativo
**Data e hora:** 29/01/2025 10:05:32

**CVE:** uPNK1sJ4zIT5
**Verificación:** https://sede.xunta.gal/cve

SERVIZO XURÍDICO-ADMINISTRATIVO
DEPARTAMENTO TERRITORIAL DE OURENSE
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
Florentino L. Cuevillas, 4-6 baixo
32071 Ourense
Tel: +34 988 386 486
xuridico.mediorural.ourense@xunta.gal
mediorural.xunta.gal

DOG Diario Oficial de Galicia

DOG Núm. 201 | Xoves, 17 de outubro de 2024 | Páx. 55250

## VI. ANUNCIOS

## A) ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA

## CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

*ANUNCIO do 4 de outubro de 2024, do Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Ourense, polo que se publica a Resolución do 2 de outubro de 2024 relativa á solicitude de deslindamento formulada polos representantes dos montes veciñais en man común Amiudal e mais San Xusto, no concello de Avión.*

Unha vez examinada a solicitude de deslindamento formulada polos representantes do monte veciñal en man común (MVMC) Amiudal, pertencente á Comunidade de Montes Veciñais en Man Común (CMVMC) de Amiudal, e do MVMC Comunal de San Xusto, pertencente á CMVMC da Parroquia de Avión, no concello de Avión, resultan os seguintes

Feitos:

Primeiro. O 30.1.2024 a CMVMC de Amiudal presentou un escrito (Rexel 2024/289877) en que solicitan a aprobación dun deslindamento coa CMVMC da Parroquia de Avión.

Coa solicitude achegaron a seguinte documentación:

– Acta de deslindamento.

– Acta de conciliación levantada no Xulgado de Paz de Avión.

– Certificacións dos acordos das respectivas asembleas xerais.

– Memoria e planos do deslindamento.

– Informe de validación gráfica emitido pola Dirección Xeral do Catastro.

Segundo. O informe do Servizo de Montes da Xefatura Territorial de Ourense do 14 de febreiro de 2024 fai constar que a documentación achegada se corresponde co deslindamento do perímetro estremeiro entre o MVMC Amiudal, pertencente á CMVMC de Amiudal, e mais o MVMC Comunal de San Xusto, pertencente á CMVMC da Parroquia de Avión, desde o vértice 1 (o situado máis ao NE) ata o vértice 210 (o situado máis ao SO).

CVE-DOG: acwogee8-46y4-qth7-n4q9-ohd2uwwtvb26

Logo de analizar os vértices e a súa localización, obsérvase o seguinte:

O deslindamento baséase en seis vértices principais, identificados cos números 1 (río), 2 (estrada a Beresmo 1), 26 (estrada a Beresmo 2), 34 (punto intermedio), 37 (pista forestal) e 210 (vértice con propiedades particulares), complementados por un conxunto moito máis numeroso de puntos secundarios situados, na súa maior parte, no eixe da devasa que separa ambas as comunidades (vértices do 37 ao 210) e na estrada a Beresmo (vértices do 8 ao 26), os cales permiten definir a estrema con suficiente precisión.

Porén, cómpre sinalar a existencia dun erro na designación dos puntos por parte do enxeñeiro operador na súa memoria de deslindamento (a cal serve de base para a conciliación), consistente na identificación como punto principal do vértice 2 (estrada a Beresmo 1), cando realmente o dito vértice non está situado na estrada; esa consideración de punto principal debe corresponderlle ao vértice 8, ao ser este o punto onde a liña conciliada describe a variación singular definida polo encontro (e continuación ata o vértice 26) coa estrada a Beresmo.

O citado informe considera que a solicitude se axusta ao establecido no artigo 53 da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, polo que lle propón ao Xurado Provincial a súa aprobación coas consideracións indicadas.

Consideracións legais e técnicas:

Primeiro. A presente resolución dítase o abeiro do artigo 53 do Regulamento para a execución da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común, aprobado polo Decreto 260/1992, do 4 de setembro, e de conformidade co disposto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Segundo. O artigo 53 da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, recolle o procedemento que se deberá seguir no deslindamento entre montes veciñais en man común e establece que o xurado provincial de montes veciñais en man común, logo do exame da documentación presentada, ditará unha resolución, que será publicada no *Diario Oficial de Galicia* e notificada ás comunidades interesadas.

De acordo cos feitos e fundamentos de dereito expostos, e tendo en conta o informe favorable do Servizo de Montes do día 14 de febreiro de 2024, o Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común acordou, por unanimidade, o día 9 de setembro de 2024:

CVE-DOG: acwogee8-46y4-qth7-n4q9-ohd2uwwtvb26

Aprobar o acto de conciliación acadado polas xuntas reitoras dos MVMC Amiudal, pertencente á CMVMC de Amiudal, e mais Comunal de San Xusto, pertencente á CMVMC da parroquia de Avión, no concello de Avión.

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpor recurso potestativo de reposición ante o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Ourense no prazo dun mes, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Ourense no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte ao desta notificación, de acordo co disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e nos artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Ourense, 4 de outubro de 2024

José Antonio Armada Pérez
Presidente do Xurado Provincial de Clasificación
de Montes Veciñais en Man Común de Ourense

CVE-DOG: acwogee8-46y4-qth7-n4q9-ohd2uwwtvb26




**LENDA**

- Puntos principais
- Deslinde con M.V.M.C.
- M.V.M.C. Amiudal
- Carpeta ficha Amiudal
- Carpeta ficha San Xusto
- M.V.M.C. San Xusto

| Num | X | Y | Descrición |
|---|---|---|---|
| 6 | 562293,236 | 4694762,16 | Río |
| 5 | 562292,719 | 4694754,16 | Estrada a Beresmo 1 |
| 4 | 562067,532 | 4694681,78 | Estrada a Beresmo 2 |
| 3 | 562006,943 | 4694559,06 | Punto Intermedio |
| 2 | 561756,496 | 4694475,54 | Pista Forestal |
| 1 | 560674,26 | 4693276,13 | Vértice con propiedades particulares |

0 80 160 320 480 640 Metros

**MEMORIA DE DESLINDE DO M.V.M.C. DE AMIUDAL CO M.V.M.C. DE SAN XUSTO**

**PROPIEDADE:** *C.M.V.M.C. de Amiudal - C.M.V.M.C. de San Xusto*

**LOCALIZACIÓN:** *Parroquias de Amiudal e de San Xusto. Concello de Avión. Provincia de Ourense*

**PLANO Nº: 4** **"PLANO DE SUPERPOSICIÓN DE CARPETAS FICHA"**

**TÉCNICO/S REDACTOR/ES:**
Manuel Barreiro Lubián / Colexiado do COETFG nº 0296

**Asdo.:**



**ESCALA: 1/15.000**

**DATA: Decembro de 2023**

XUNTA DE GALICIA | CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

**Iván Rodríguez Jiménez,** secretario do Xurado Provincial de clasificación de montes veciñais en man común de Ourense

**CERTIFICO:**

Que na sesión do **6 de outubro de 2025** o Xurado adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

**X**.- Solicitude revisión de esbozo do MVMC "Comunal de San Xusto", pertencente á CMVMC da parroquia de Avión, no concello de Avión.

O servizo de montes do Departamento Territorial de Ourense emitiu un informe favorable o día 26 de xuño de 2025 en relación coa citada solicitude. A revisión de esbozo afecta as partes do perímetro lindeiras con particulares.

O Xurado Provincial, tendo en conta o informe favorable do servizo de montes, aprobou a solicitude de revisión de esbozo.

Vº. e prace

O Presidente do Xurado

José Antonio Armada Pérez

**Asinado por:** ARMADA PÉREZ, JOSÉ ANTONIO
**Cargo:** O Presidente do Xurado
**Data e hora:** 11/02/2026 11:08:33

**Asinado por:** RODRIGUEZ JIMENEZ, IVAN
**Cargo:** Xefe do Servizo
**Data e hora:** 11/02/2026 11:05:55

As copias en papel deste documento teñen a condición de copia e serán verificables a través deste código.
**CVE:** p0gUmKdKOBj5 https://sede.xunta.gal/cve

SERVIZO XURÍDICO-ADMINISTRATIVO
DEPARTAMENTO TERRITORIAL DE OURENSE
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
Florentino L. Cuevillas, 4-6 baixo
32071 Ourense
Tel: +34 988 386 486
xuridico.mediorural.ourense@xunta.gal
mediorural.xunta.gal

## VI. ANUNCIOS

## A) ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA

## CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

*ANUNCIO do 10 de novembro de 2025, do Xurado Provincial de Clasificación Montes Veciñais en Man Común de Ourense, polo que se publica a resolución relativa á revisión de esbozo do monte veciñal en man común Comunal de San Xusto, no concello de Avión.*

Examinada a solicitude de revisión de esbozo formulada polos representantes do MVMC Comunal de San Xusto, pertencente á CMVMC da parroquia de Avión, no concello de Avión, resultan os seguintes

Feitos:

Primeiro. O 16.6.2025 a CMVMC da parroquia de Avión presentou unha solicitude (Rexel núm. 2025/1704687) de revisión de esbozo do MVMC Comunal de San Xusto, no concello de Avión.

Coa solicitude achegou a seguinte documentación:

– Certificación do acordo da asemblea xeral do 7.6.2025.

– Memoria e planos.

– Arquivos xeográficos en formato vectorial.

Segundo. O Servizo de Montes do Departamento Territorial de Ourense emitiu un informe favorable o día 26 de xuño de 2025 en relación coa citada solicitude. O perímetro obxecto de revisión inclúe as partes do perímetro lindeiras con particulares.

A superficie do MVMC Comunal de San Xusto, unha vez revisado o esbozo, sería de 904,72 ha fronte ás 897,20 ha do acordo de clasificación, o que supón un incremento do 0,8 %.

Tendo en conta o anterior, emítese informe favorable revisión do esbozo do MVMC Comunal de San Xusto.

CVE-DOG: 6bdrhdl0-z8t4-s8m3-eie9-8zeyel5vnuh4

XUNTA DE GALICIA ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia

Consideracións legais e técnicas:

Única. A Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, na súa disposición transitoria décimo terceira, establece o procedemento de revisión de esbozos de montes veciñais en man común.

De acordo con ela, os esbozos de montes veciñais integrados nun expediente que, pola súa antigüidade, non reúnan as características de fiabilidade e precisión que exixen as novas técnicas topográficas poderán ser obxecto de revisión, axustándose e completándose con aqueles datos e documentos que se consideren necesarios, en particular os requiridos para a súa inmatriculación no Rexistro da Propiedade.

De acordo cos feitos e fundamentos de dereito expostos, e tendo en conta o informe favorable do Servizo de Montes do día 26 de xuño de 2025, o Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común acordou, por unanimidade, o día 6 de outubro de 2025:

Aprobar a proposta de revisión de esbozo do MVMC Comunal de San Xusto, pertencente á CMVMC da parroquia de Avión, no concello de Avión.

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso potestativo de reposición perante o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Ourense no prazo dun mes, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Ourense, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao desta notificación, de acordo co disposto no artigo 12 da citada Lei 13/1989, nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e nos artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Ourense, 10 de novembro de 2025

José Antonio Armada Pérez
Presidente do Xurado Provincial de Clasificación
de Montes Veciñais en Man Común de Ourense

CVE-DOG: 6bdrhdl0-z8t4-s8m3-eie9-8zeyel5vnuh4

DOG Diario Oficial de Galicia

DOG Núm. 227 | Luns, 24 de novembro de 2025 | Páx. 60478

ANEXO




CVE-DOG: 6bdrhdl0-z8t4-s8m3-eie9-8zeyel5vnuh4

XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia